

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 07.04.2021 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de abril de 2021, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

10674 (11/CPC-000019)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por petición propia, para explicar perante o Parlamento de Galicia as principais características e previsións do Plan anual de cooperación galega 2021

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 17.02.2021

Punto 2. Preguntas

2.1 9989 (11/POC-001854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a previsión pola Xunta de Galicia de convocar con urxencia, no mes de febreiro, unha reunión da comisión mixta co fin de establecer unha instrución que regule as actuacións que se deben levar a cabo nas sedes xudiciais ante esta terceira onda da pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 11.02.2021

2.2 12881 (11/POC-002180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a situación de temporalidade de persoal ao servizo da Administración pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 116, do 25.03.2021

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2021

José Manuel Rey Varela
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**
POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
José Manuel Rey Varela	P
Vicepresidenta	
María Sol Díaz Mouteira	P
Secretaria	
Paloma Castro Rey	S

Vogais

Pablo Arangüena Fernández	S
José Antonio Armada Pérez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Iria Carreira Pazos	BNG
Ana Belén García Vidal	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Noelia Pérez López	P
Paula Prado del Río	P
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 10674(11/CPC-000019)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por petición propia, para explicar perante o Parlamento de Galicia as principais características e previsións do Plan anual de cooperación galega 2021

Publicación da iniciativa, 96, 17.02.2021

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior- do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, para **explicar perante o Parlamento de Galicia cales son as principais características e previsións do Plan Anual de Cooperación Galega 2021.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRODIXW0u8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:20:39
Nº Rexistro: 10674
Data envío: 11/02/2021 13:20:39.555



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 13:20:35

CSV REXISTRO9DxW0x8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 9989(11/POC-001854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a previsión pola Xunta de Galicia de convocar con urxencia, no mes de febreiro, unha reunión da comisión mixta co fin de establecer unha instrución que regule as actuacións que se deben levar a cabo nas sedes xudiciais ante esta terceira onda da pandemia

Publicación da iniciativa, 92, 11.02.2021



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 13:18:38
Nº Rexistro: 9989
Data envío: 04/02/2021 13:18:38.896

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Dirección Xeral de Xustiza de Galicia, non está a tomar medidas fronte á realidade que está a vivir a nosa comunidade, na que estamos a padecer unha terceira ola da pandemia da covid-19, con máis do dobre de contaxios que as dúas anteriores.

Nos edificios xudiciais ao longo do noso territorio, o persoal da Administración de Xustiza que alí traballa, non é alleo a estes contaxios, así tódolos días son notificados varios contaxios ou illamentos de grupos de funcionarios, producindo con isto un serio problema no normal funcionamento da Administración de Xustiza ou o que é moito máis grave, un risco para a saúde de todos estes traballadores e traballadoras.

A Dirección Xeral de Xustiza, non pode eludir a súa responsabilidade, ao ser o órgano competente para adoptar as medidas necesarias para garantir a saúde do persoal funcionario e laboral dos Xulgados de Galicia.

A diferenza con outros edificios ou organismos oficiais, onde o acceso de persoas alleas está moi limitado e sempre con cita previa, nos xulgados e tribunais do noso país o acceso segue a ser totalmente libre, aspecto que parécenos inconcibible dada a situación na que nos atopamos, e pon en risco a saúde de moitos traballadores e traballadoras.

A maiores isto incumpre o establecido na Orde JUS-394-2020, de 8 de maio, en relacións ás medidas de protección colectiva en “atención ao público”, permitindo que se acceda aos edificios xudiciais sen ningún tipo de control.

A Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesais e organizativas para facer fronte ao covid-19 no ámbito da Administración de Xustiza, no seu artigo 18 establece:

“1. Ata o 20 de Xuño de 2021 inclusive, a atención ao público en calquera sede xudicial o da fiscalía se realizará por videoconferencia, por vía telefónica

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



ou a través do correo electrónico habilitado a tal efecto, que deberá ser obxecto de publicación na páxina web da correspondente Xerencia Territorial do Ministerio de Xustiza ou do órgano que determinen las Comunidades Autónomas con competencias en materia de Xustiza, e que no ámbito da xurisdición militar se atopa publicado na páxina web do Ministerio de Defensa no enlace correspondente. Todo elo sempre que sexa posible en función da natureza da información requirida e, en todo caso, cumprindo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Para aqueles casos nos que resulte imprescindible acudir á sede xudicial ou da fiscalía, será necesario para o público obter previamente a correspondente cita, de conformidade cos protocolos que ao efecto establezan as administracións competentes, que deberán prever as particularidades das comparecencias ante os xulgados en funcións de garda e os xulgados de violencia sobre a muller.”

Dende a Dirección Xeral da Xunta de Galicia, teñen a obriga de dar cumprimento a estas directrices estatais, co fin de evitar, na medida do posible, excesivas concentracións nas sedes xudiciais, utilizando métodos coma a cita previa obrigatoria ou a limitación de aforo co fin de adaptar á situación sanitaria existente, as relacións dos cidadáns e cidadás coa Administración de Xustiza.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia, no mes de febreiro, convocar con urxencia unha reunión da comisión mixta, co fin de establecer unha instrución que regule as actuacións a levar a cabo nas sedes xudiciais ante esta terceira ola da pandemia?

2. Vai a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para evitar a coincidencia masiva de persoas, tanto traballadores como clientes ou usuarios/as, nos edificios xudiciais, así coma a limitar o aforo das sedes xudiciais?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2021 13:18:38
Nº Rexistro: 9989
Data envío: 04/02/2021 13:18:38.896

3. Ten pensado a Xunta de Galicia obrigar a que calquera actuación nas sedes xudiciais, se leve a cabo mediante cita previa e calquera consulta xudicial por parte dos diferentes profesionais por vía telemática ou telefónica?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/02/2021 13:09:07

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2021 13:09:14



CSV REGISTRO: ZBzZBaX0

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 07.04.2021 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 12881(11/POC-002180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a situación de temporalidade de persoal ao servizo da
Administración pública galega

Publicación da iniciativa, 116, 25.03.2021



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 18:17:39
Nº Rexistro: 12881
Data envío: 16/03/2021 18:17:39.821

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a temporalidade nas relacións do persoal ao servizo da administración pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Reiteradamente o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ven manifestando a existencia de importantes irregularidades na contratación das administracións públicas do estado español ao recorrer á contratación temporal para a cobertura de prazas estruturais e de necesidade permanente.

O referido Tribunal de Xustiza denuncia a negligencia do Estado Español por non traspoñer ao ámbito da contratación pública o contido da Directiva Europea 1999/70/CE do Consello, de 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo marco da CES (Confederación Europea de Sindicatos), UNICE (Unión Europea de Confederacións Industriais e Empresariais de Europa) e CEEP (Centro Europeo da Empresa Pública) sobre o traballo de duración determinada; que si foi incorporada no eido da empresa privada.

A Directiva Comunitaria de 1999 prohibe a utilización sucesiva de contratos de duración determinada para a cobertura de necesidades permanentes, ordenando aos Estados da UE que, entre outros aspectos, precisen o tempo no que unha relación laboral





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 18:17:39
Nº Rexistro: 12881
Data envío: 16/03/2021 18:17:39.821

temporal deberá considerarse indefinida. Previsión aínda inexistente no ámbito da administración pública.

Como consecuencia de tal falla de previsión, así como da aprobación de medidas que limitaban a contratación de persoal ou por unha deliberada vontade precarizadora, provocaron que a taxa de temporalidade nalgúns sectores da Xunta de Galiza excedera do 40%, producíndose casos, como os do Consorcio Galego de Benestar, nos que a temporalidade superaba o 90% do total do persoal contratado.

Como ten manifestado o BNG en múltiples ocasións existe sectores, como o ensino ou o sanitario, no que prazas estruturais son cubertas con contratacións temporais sucesivas, ás veces decenas de contratos temporais para a cobertura dun mesmo posto de traballo, que se estenden ao longo de anos ou mesmo décadas. Particularmente significativo é o caso do Consorcio Galego de Benestar no que o número de traballadores temporais excede das 1.200 persoas.

Xa que logo existe, por unha banda, a imperiosa necesidade de proceder á transposición da referida Directiva Comunitaria que impida a continuidade do abuso na contratación temporal na administración pública e, por outra, dar solución á situación das persoas que durante anos viñeron padecendo a situación de abuso, sen que unha eventual alternativa pase polo descoñecemento dos principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público.

Así pois, e ao marxe da necesaria transposición, deberá procederse á eliminación da limitativa taxa de reposición, velar polo estrito cumprimento das Ofertas Públicas de Emprego que anualmente se aproben, así como o establecemento de sancións que, directa ou indirectamente, promovan o abuso na contratación temporal; mais tamén



CSV REXISTRO: 0501050145

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 18:17:39
Nº Rexistro: 12881
Data envío: 16/03/2021 18:17:39.821

haberá que dar solución ás situacións de abuso producidas durante todos estes anos (décadas) pasados.

A pesares do tempo transcorrido, das mobilizacións e denuncias realizadas, así como dos múltiples -e ás veces dispares- pronunciamentos xudiciais, o certo é que non consta que a Xunta de Galiza fixese proposta algunha para a solución da situación de abuso na temporalidade na que, voluntaria e conscientemente, ten incorrido. Existen numerosos sectores nos que a elevada taxa de temporalidade é consecuencia da total ausencia de convocatoria de procesos selectivos, noutros supostos celebráronse procesos de acceso sen que saísen a totalidade das prazas ocupadas por persoal temporal... En suma non existe causa única na orixe da grave situación de interinidade e precarización da administración pública galega, alén da negligencia da Xunta de Galiza.

Tampouco é único o sistema de acceso ao emprego público temporal pois nalgúns casos ingresouse tras superar un proceso obxectivo de selección, noutros por listas de contratación, ou noutros por “decisión” da autoridade contratante.

A Xunta de Galiza, como administración especialmente atinxida por situacións de abuso na temporalidade, debe abandonar a súa pasividade e dar resposta ás situacións de fraude existentes, e consonte ás apreciacións realizadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea dar un resposta acaída á situación creada, así como adoptar as medidas legais para evitar que tales situacións se podan reproducir no futuro. Dende o BNG non podemos considerar que sexa admisíbel que se difira ao poder xudicial a solución a un problema xerado polos incumprimentos e negligencia, ou imprevisións da propia administración pública; e que, en todo caso suporía tanto un colapso na administración de xustiza, como un risco na funcionamento da administración e, en todo caso, unha nova penalización para as persoas que, directa ou indirectamente, sufriron a situación de abuso na temporalidade.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 16/03/2021 18:17:39

Nº Rexistro: 12881

Data envío: 16/03/2021 18:17:39.821

E para iso e tendo en conta que puideran existir situacións nas que o recurso ás contratacións temporais sexa lícita cumpre coñecer con precisión o alcance e circunstancias nas que se produciu o abuso na temporalidade.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Coñece a Xunta de Galiza os postos de traballo da Administración Autonómica ocupados por traballadoras en situación de fraude de lei por abuso de temporalidade, segundo os criterios establecidos polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea?

. Considera a Xunta de Galiza que, o incumprimento na transposición da Directiva Europea 1999/70/CE, provoca que actualmente non existan instrumentos suficientemente disuasorios e sancionadores para evitar a proliferación de situacións na temporalidade dentro da Administración Pública galega?

. Que medidas ten previsto aplicar a Xunta de Galiza para compensar a situación das traballadoras da Administración Pública galega que veñen padecendo unha situación de fraude de lei por abuso na contratación temporal?

. No seu caso, considera a Xunta de Galiza que, a efectos da aplicación das medidas eventualmente previstas, ten relevancia o tempo ao que se estendera a situación de abuso, o sistema seguido para o acceso a ese posto de traballo, a existencia de resolución xudicial ou administrativa que recoñeza tal situación?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 18:17:39
Nº Rexistro: 12881
Data envío: 16/03/2021 18:17:39.821

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Olalla Rodil Fernández
Iria Carreira Pazos
Luis Bará Torres
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/03/2021 18:12:01

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2021 18:12:06

Iria Carreira Pazos na data 16/03/2021 18:12:15

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2021 18:12:25



CSV REXISTRO OVR05145
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>